

**Denys**

**Por que utilizas un proceso performativo como medio habitual de expresión?**

—Para min, a performance é un xeito de me relacionar activamente co mundo, sen o representar e sen abstraer nada del. O meu traballo é unha expresión íntima do tecido da miña propia vida e da miña maneira de pensar. Esta expresión reflicte as miñas conexións co mundo exterior.

Se unimos o corpo co concepto e este coa intención, creamos unha linguaxe de comunicación directa que elude a mente lóxica controladora e que nos permite conectar nun nivel máis profundo, máis fluído e intuitivo. As posibilidades que esta idea me abre como artista de performance son enormes. Ademais, este mesmo razoamento pode cuestionar as limitacións do mundo explícito, entretecendo nel noicións orgánicas de tempo, espazo e presenza. Ao desvelar as capas da lóxica que nos encadran nunha visión limitada, a performance revélanos un sentido de verdade que está implícita na vida, con todas as súas contradicións e absurdos.

**Cales son as preocupacións fundamentais no teu traballo?**

O meu traballo desenvolveuse como un proceso, unha investigación en curso que camiña sobre a fina liña que existe entre o pensamento e a sensación, entre a intención e a acción; escultura como linguaxe que impregna unha gran parte da miña práctica artística, case sempre como unha loita por transcender a tridimensionalidade para alcanzar un espazo máis grande. O meu proceso de traballo é como o acto de desenredar un fío longo, fino e fráxil. Partindo do meu proceso privado de pensamento, vou desenvolvendo este fío ata o converter nunha imaxe clara na miña mente; unha imaxe que toma forma material como un debuxo, unha escultura, un vídeo ou unha performance.

**Dáme un mínimo de seis adxectivos que —segundo o teu criterio— definan o que é arte para ti.**

—Resoante, complexa, absurda, errática, dinámica, inminente, orgánica, presente, paralela.